

# UN MERECIDO RECOÑECEMENTO

*Álvaro Cunqueiro 1911-1981*



## Os veciños de Mondoñedo rinden homenaxe a Álvaro Cunqueiro

28 de febreiro

Dentro da actividade cultural organizada dende o Concello de Mondoñedo destaca de forma moi especial a homenaxe a un dos seus veciños máis ilustres, o escritor, xornalista, e filólogo Álvaro Cunqueiro. Un acto, que como tódolos anos, contará coa tradicional lectura popular dunha das súas obras; e tamén coa ofrenda floral no cemiterio onde reposan os seus restos, un campo santo reconvertido hoxe nun precioso espacio verde para disfrute dos veciños e visitantes que se acerquen ata a cidade do Masma.

O Concello elexiu nesta ocasión a Félix Villares, Chanceller Xeral da Diócese Mondoñedo-Ferrol, e tamén delegado do patrimonio desta entidade, para dar inicio á lectura da obra 'Escola de Menciñeiros', un texto costumbrista que presenta diversos relatos dos veciños que habitaban entón a comarca de Terras de Miranda. Para este ilustre persoeiro da xerarquía eclesiástica representa toda unha honra a súa elección. "Xa que eu coñecín persoalmente a Don Álvaro Cunqueiro cando todavía vivía, de feito xa lle teño buscado diverso material na biblioteca do seminario. Ademais é un dos escritores galegos con máis proxección internacional, xunto con Rosalía de Castro e Castelao; e na miña opinión merecedor dun premio Nóbel", apuntou Félix Villares.

Esta lectura, que se desenrolará no salón de plenos da casa consistorial, será continuada, como en anteriores edicións, por membros de asociacións culturais, deportivas e de mulleres; alumnos de centros educativos de Mondoñedo; ademais de por calquera veciño que desexe participar na mesma. Unha homenaxe que se desenrolará o vindeiro 28 de febreiro a partir das once e media da mañán, e voltará un ano máis a recordar a un dos persoeiros máis ilustres da cidade do Masma.



Félix Villares será o encargado de iniciar a lectura da obra 'Escola de Menciñeiros'

## Exposición Ramón Loureiro

**Exposición dos dibuxos orixinais realizados por Ramón Loureiro, do libro 'A Oca de Leonardo' de Xaquín Marín. Do 28 de febreio ao 12 de marzo na sala de exposicións da Biblioteca Pública. Organizan as delegacións de Cultura dos concellos de Mondoñedo e Ferrol.**

## A CIDADE DO MASMA RECIBE AS SÚAS MAXESTADES DE ORIENTE





A cidade de Mondoñedo foi testigo da chegada, o pasado 5 de xaneiro, das Súas Maxestades os Tres Reis Magos de Oriente. A comitiva real, encabezada polos seus paxes, iniciou a marcha pola cidade dende a Alameda dos Remedios, dirixíndose, despois de atravesar varias rúas agasallando aos máis cativos con doces e caramelos, ata a Praza do Concello. Foi neste mesmo escenario onde os rapaces presentaron as súas peticións de Nadal a Melchor, Gaspar, e Baltasar.

## OS ALUMNOS DA ESCOLA DE MÚSICA OFRECEN UN RECITAL DE NADAL

Os alumnos que conforman a Escola Municipal de Música ofreceron un completo recital, o pasado 27 de decembro, no auditorio Pascual Veiga. Neste emprazamento presentaron gran parte do seu repertorio musical que incluiu villancicos, cancións populares, baladas, e outras pezas moi coñecidas polo público. Os asistentes a este concerto poideron disfrutar da excelente calidade musical desta Escola de Mondoñedo, patrocinada polo Concello.






MAPFRE



Praza da Catedral, 16
27740 Mondoñedo, Lugo

T. 982 52 40 20
F. 982 52 40 20
M. 646 11 54 45

Mª Elena Candia López
Delegada
Agente de Seguros (Nº Rgtro: 67.757)

mecandi@mapfre.com



CAJA MADRID
banca personal

OFICINA DE DISTRIBUICIÓN BANCARIA

Praza da Catedral, 16
27740 Mondoñedo, Lugo



# mondoñedo
## O Xornal



BOLETÍN MUNICIPAL: Nº 1


# UNHA GARDERÍA QUE SE ADAPTA ÁS FAMILIAS



Un dos servizos sociais con máis demanda do municipio de Mondoñedo é a escola infantil, unha gardería que ofrece coidados aos nenos de 0 a 3 anos nun horario moi flexible. Dende que o Concello colleu o relevo da súa explotación cambiáronse os modelos de funcionamento deste centro asistencial, anteponendo sempre as necesidades dos pais e das familias ás propias do centro. Hoxe esta gardería conta con 41 prazas a xornada completa, e catro máis en horario partido.

**28 de febreiro**

**homenaxe a Álvaro Cunqueiro**



## EL CONCELLO PRIMARÁ A LAS INDUSTRIAS QUE SE ASIENTEN EN EL PARQUE EMPRESARIAL

El Concello de Mondoñedo ofrecerá condiciones ventajosas a las empresas que decidan asentarse en el parque industrial del municipio, un espacio de 70.000 metros cuadrados de superficie distribuido en 28 parcelas útiles.



## PATRONATO Y CONCELLO BUSCAN LA MEJORA DE LOS SERVICIOS DEL ASILO

CONCURSOS, COMPETICIONES DEPORTIVAS, Y TODA LA ACTIVIDAD SOCIAL Y CULTURAL DEL MUNICIPIO EN EL TABLÓN DE ANUNCIOS Pág 2

## "GRAZAS A ESTA ÁREA DE GOBERNO COÑEZO AS NECESIDADES BÁSICAS DA CIDADANÍA"

Pág 3

Entrevista a Elena Candia, concelleira de Asuntos Sociais, Promoción de Emprego e Emigración



## PARALIZADA LA II FASE DE REHABILITACIÓN DEL BARRIO DE OS MUÍÑOS

La segunda fase del proyecto de rehabilitación del barrio de Os Muíños está paralizada, a la espera de la aprobación definitiva que debería otorgar la Consellería de Vivenda, y que permitiría la creación de otros 17 nuevos inmuebles destinados a personas menores de 35 años. El gobierno local continúa con las conversaciones con distintos organismos de la Xunta para dar prioridad a esta iniciativa municipal.

